

RIA DE SADA

Avenida del Puerto, 28-29

15160 Sada, (A Coruña)

Teléfono: 981 622 423

Email: riadesada@hotmail.com

Web: www.riadesada.com



INFORMACIÓN XERAL

Existen dúas prazas de aparcadoiro reservadas a persoas con discapacidade a 30 m aproximadamente. Accédese á beirarrúa dende o aparcadoiro por medio dunha rampla. O acceso ao interior do establecemento é con rampla. Unha vez dentro, todas as estanzas se encontran na mesma planta, sen desniveis. Conta cunha cabina de aseo adaptado que se corresponde co aseo de señoras.

Atención ao público e outra información de interese

- Ofrecen menú para celíacos, con previa petición do cliente.
- Ofrecen menú para diabéticos, con previa petición do cliente.
- Ofrecen menú para vexetarianos, con previa petición do cliente.
- Non dispoñen de carta en braille.
- O persoal de atención ao público non coñece a Lingua de Signos Española (LSE).
- Se permite o acceso ao can de asistencia.
- Non existe un plan de emerxencia que contemple a evacuación das persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- O aparcadoiro encóntrase a 30 m do establecemento. Conta con 2 prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida(PMR)
- Accédese ao establecemento dende aparcadoiro, por zona de asfalto, sen beirarrúa xa que a beirarrúa non ten rebaixe dende as prazas reservadas ata o establecemento.
- A entrada principal do establecemento é accesible por medio dunha rampla.
- A rampla é practicable, ten un tramo de 26 cm de lonxitude, cunha inclinación do 28%. O seu ancho libre de paso é de 1,20 m e non dispón de pasamáns a cada lado. O inicio e final da rampla non está sinalizado cunha franxa de textura distinta e cor contrastada que alerte do desnivel.
- Esta ten unha porta dobre, retranqueada. É parcialmente de vidro e abre cara a fóra. O seu ancho libre mínimo de paso é de 83 cm, sendo o total do ancho das dúas portas de 1,43 m. Está sinalizada con bandas horizontais de cor contrastada. A porta ten un tirador vertical ao longo desta.
- Existe outra entrada alternativa que dá acceso directo ao comedor. Esta porta abre cara a dentro, cun ancho libre de paso de 88 cm, sen desniveis. A porta non ten manubrio polo exterior polo que está sempre aberto. Presenta un felpudo solto antes da porta. Despois dela, o ancho de paso é de 1 m.

- O itinerario ata a zona de atención ao público é accesible sen desniveis.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Bar

Ubicación e itinerario

O bar está situado na planta baixa e o itinerario é accesible, sen desniveis.

Características

Desniveis: non existen	Ancho mín. do espazo de circulación: 1,20 m
Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo	Chan enmoquetado: non e non dificulta a rodaxe da cadeira de rodas
Barra de dobre altura: non	Altura da barra non adaptada: 1,03 m
Barra con bancos: si	Altura máx. e mín. dos bancos da barra: 65 cm

Salón comedor

Ubicación e itinerario

O salón comedor está situado na planta baixa e o itinerario é accesible dende o bar, sen desniveis.

Características

Desniveis: non existen	Ancho mín. do espazo de circulación: 1,20 m
Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo	Chan enmoquetado: non e non dificulta a rodaxe da cadeira de rodas
Tipo de mesas: móbiles, redondas de pata central e cadradas de catro patas sen traveseiro	Tipo de aproximación á mesa coa cadeira de rodas: frontal
Altura da mesa: 74 cm	Altura, fondo e ancho do espazo de aproximación frontal: 64 cm, 90 cm e 72 cm

Aseo adaptado

- No establecemento hai unha cabina de aseo para usuarios de cadeira de rodas situada na planta baixa. Non está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA). Accédese por un itinerario accesible.
- O aseo adaptado é unha cabina independente que se corresponde co aseo de señoras.

Cabina de aseo adaptado

Nº de cabinas adaptadas: 1	Está sinalizada co SIA: non
Porta: a porta abre cara dentro cun ancho de 78 cm	Diámetro libre de xiro no interior: Ø 1,20 m
Tipo de pomo: manubrio	Ferrollo ábrese dende o exterior: si
Tipo de iluminación: con interruptor e temporizador (Conta cun interruptor adicional no inodoro)	No interior hai un sistema de solicitude de axuda: non

Lavabo

Ubicación: dentro da cabina	Tipo de billa: de presión
Altura libre baixo o lavabo: Non ten, pola existencia dun moble fixo	Fondo libre baixo o lavabo: Non ten, pola existencia dun moble fixo
Altura do borde inferior do espello: 1,13 m, non inclinado	Altura dos accesorios: 1,13 m

Inodoro	
Espazo de acceso ao inodoro: esquerdo 90 cm e frontal 1,20 m	Altura do asento: 48 cm
Tipo e altura do mecanismo de descarga: presión en cisterna a 1 m	No lado dereito, tipo de barra e altura: fixa horizontal a 80 cm
En lado esquerdo, tipo de barra y altura: abatible a 65 - 80 cm	Separación entre barras: 67 cm

ACCESIBILIDADE VISUAL

Bar

Ubicación e itinerarios

O bar está situado na planta baixa a continuación da porta de entrada. O itinerario dende a entrada ata a barra é accesible sen desniveis.

Características

Portas de cor contrastada: non hai	Portas de vidro con marcas de cor contrastada: non hai
Desniveis: non existen	Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo
Chan enmoquetado: non e non dificulta o desprazamento de persoas con discapacidade visual	Elementos beirís: non hai
Tipo de iluminación: homoxénea	Barra do bar con iluminación dirixida: si

Salón Comedor

Ubicación e itinerarios

O salón comedor está situado na planta baixa a continuación do bar. O itinerario dende o bar ata o salón é accesible sen desniveis.

Áccedese ao comedor por oco de paso sen porta.

Características

Portas de cor contrastada: non hai	Portas de vidro con marcas de cor contrastada: non hai
Desniveis: non existen	Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo
Chan enmoquetado: non e non dificulta o desprazamento de persoas con discapacidade visual	Elementos beirís: non hai
Tipo de iluminación: homoxénea	Mesas con iluminación dirixida: si

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Información e orientación

Rótulos de sinalización informativos e direccionais: non hai	Sinais de evacuación: non existen

Salón comedor

Mesas redondas dispoñibles: 6	Información escrita do menú do día: si anexo á carta
--------------------------------------	---

Aseos

Sistema de peche de portas cun sinal visual de ocupado ou libre: non	Portas de cabina cunha banda libre inferior que permite visualizar se hai alguén dentro: non
---	---

Outras estanzas e servizos	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Terraza	Exterior	Accesible	Espazo adecuado para a circulación coa cadeira de rodas: Si Altura da mesa: 74 cm Altura baixo mesa: 70 cm Ancho baixo mesa: 60 cm Fondo baixo mesa: 70 cm
Sinalización	Soamente en baños		Rótulos do mesmo formato: Si Altura dos rótulos: 1,69 m Textos e iconas de cor contrastada: Non Textos e iconas en braille: Non Texto e iconas en altorrelevo: Non Iconas homologadas: Non